



Asinado o contrato de creación dun itinerario peonil accesible a edificios públicos en Muros



O Alcalde de Muros, **Domingos Dosil Cubelo**, asinou con **Yoni Tuñas Nieto**, xerente da empresa Excavaciones Yoni Tuñas SL, o contrato administrativo de execución da obra “**Creación dun itinerario peonil accesible a edificios públicos en Muros**” por un importe total de cento noventa e nove mil novecentos nove euros e cincuenta e cinco céntimos (**199.909,55 €**).

Trátase dunha actuación que ten por finalidade crear un itinerario peonil que facilite a accesibilidade dende a vila de Muros á parroquia de Serres ao longo de aproximadamente 2 km. Que sirva para acceder aos distintos espazos e inmobles de titularidade municipal e uso público, asegún o proxecto elaborado polo arquitecto José Carlos Leis Caruncho. Esta obra foi incluída no Plan de eliminación de barreiras arquitectónicas 2008 da Deputación Provincial da Coruña. E os traballos teñen un prazo de execución de tres seis meses.